



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

ANUNCIO de 20 de novembro de 2019 polo que se invita ás universidades do Sistema Universitario de Galicia para a aprobación de declaración de interese para a posta en marcha de programas de estudos de graos abertos no curso académico 2020-21.

Malia o importante labor de orientación que se leva a cabo co alumnado de Bacharelato, é certo que unha parte considerable do estudantado que remata con éxito as probas de acceso á universidade atópase con dúbidas sobre o contido exacto dalgúns títulos de grao, as competencias profesionais que lles van a proporcionar e as súas saídas laborais, o cal dificulta a toma de decisións sobre o seu futuro.

Recentes estudos e datos estatísticos sobre o estudantado das universidades españolas evidencian que un de cada tres universitarios abandona o grao no que se matricula nos dous primeiros cursos, ben porque deixa a universidade, ben porque cambia de grao.

Semella importante, polo tanto, introducir progresivamente mecanismos que incrementen a flexibilidade nos estudos universitarios de grao. Neste senso, nos últimos anos, as universidades españolas incorporaron á súa oferta graos interuniversitarios que facilitan a colaboración entre universidades; graos impartidos en inglés ou bilingües para facilitar o dominio de idiomas; graos duais para aumentar a empregabilidade; e programas de simultaneidade de graos para engadir competencias na formación.

Neste contexto a novidosa oferta de programas de estudos de graos abertos ten como obxectivo ampliar as posibilidades de elección do alumnado que accede ás universidades. Preténdese así reducir as taxas de abandono e cambio de estudos ofrecendo ao estudantado con intereses académicos diversos, un programa multidisciplinar de docencia e aprendizaxe, que facilite a elección dos estudos de grao que finalmente se adapten ás súas preferencias e habilidades persoais.

Un grao aberto é un programa de acceso á universidade no que o alumnado pode elixir, durante varios cuatrimestres académicos, materias correspondentes aos planos de estudo de diversos graos. Deste xeito quen acceda a este programa poderá coñecer aspectos básicos de distintas disciplinas para, unha vez superados os créditos establecidos e coa titorización correspondente, decidir o itinerario académico máis axeitado aos seus intereses e capacidades.

De acordo co exposto, a Secretaría Xeral de Universidades invita polo presente anuncio ás universidades galegas a que presenten declaracións de interese para implantar programas de estudos de graos abertos nos seus campus no vindeiro curso académico 2020-2021.



Xacobeo 2021



Prazo de presentación de propostas e oferta de prazas

As universidades do SUG poderán presentar as súas manifestacións de interese para poñer en marcha programas de estudos de graos abertos no curso académico 2020-2021, ata o día 31 de xaneiro de 2020.

A proposta definitiva do programa incluírá a táboa de recoñecementos das materias incluídas no mesmo.

As prazas vinculadas a estes programas deberán ser incluídas na proposta de oferta de prazas de cada universidade para o curso 2020-2021, que será remitida á Secretaría Xeral de Universidades para a súa aprobación e elevación á Conferencia General de Política Universitaria.

Características das propostas

As propostas deben respectar as características principais que se detallan de seguido e seguir a estrutura de apartados contida no anexo I.

- O programa debe combinar materias de graos da mesma rama de coñecemento.
- O programa debe combinar materias dun mínimo de tres graos.
- Permitirá cursar un máximo de 90 créditos ao alumnado integrado no programa.
- Debe recoñecerse a maioría dos créditos cursados no grao finalmente elixido.
- O alumnado que se integre no programa disporá dun proceso continuo de titorización e mentorización.
- Para acceder ao programa, o alumnado deberá contar cunha nota de acceso, como mínimo, igual á máis alta de todas as titulacións de grao integradas no programa. Como referencia, empregaranse as notas de corte desas titulacións no curso académico 2019-2020.
- O número de prazas ofertadas para cada programa será dun máximo de 25. As prazas do programa non computarán para os efectos do límite de prazas da oferta da CIUG.
- A oferta de programas de estudos de graos abertos poderá ser valorada para os efectos da obtención de financiamento específico procedente das partidas orzamentarias vinculadas ás Accións de Mellora da Calidade do Plan Galego de Financiamento Universitario, logo de acordo adoptado pola Comisión de Seguimento do dito plan.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro





ANEXO I

PROPOSTA DE PROGRAMA DE ESTUDOS DE GRAO ABERTO EN XXX POLA UNIVERSIDADE DE XXX

1. GRAO ABERTO

Denominación

Rama de coñecemento

Centros responsables da impartición das materias do programa.

Duración do programa (elección de grao definitivo)

2. ACCESO

Requisitos de acceso

Número de prazas ofertadas

Número de créditos nos que debe matricularse o alumnado

3. PLAN DE ESTUDOS

Indicación de materias, número de créditos correspondentes e carácter das mesmas e a titulación á que corresponden

Créditos a cursar, máximo por título, cursos de procedencia

4. INCORPORACIÓN AO GRAO ELIXIDO

Número mínimo de créditos que deben superarse para a admisión no grao elixido

Normativa de permanencia do programa de estudos de grao aberto

5. RECOÑECIMENTO DE MATERIAS

Recoñecemento automático de materias cursadas no grao elixido unha vez rematado o programa. (táboa de equivalencias completa)

Outros recoñecementos no expediente académico

Posible Formación Complementaria

6. COORDINACIÓN E TITORIZACIÓN

Órganos de supervisión académica

Rol de titores /coordinadores académicos

Seguimento do alumnado nos centros integrados no programa

Responsables do seguimento da evolución do programa

